

SUBVENCIONS A CONTRATACION INDEFINIDA DE MULLERES DESEMPREGADAS “PROGRAMA MULLER 22”

Publicouse onte no DOGA unhas subvencións pola contratación indefinida inicial e a tempo completo de mulleres desempregadas, que se realicen dende o 01 de xaneiro de 2022 ata o 30 de setembro de 2022. Os requisitos a cumprir son manter a persoa contratada durante dous anos, podendo ser substituída no caso de ser baixa por outra muller desempregada. A responsable laboral da súa empresa porase en contacto con vostedes para informarlle si actualmente a súa empresa conta con traballadoras que cumpren os requisitos a día de hoxe para poder acollerse a subvención, e para que tomen a decisión. Asimesmo aqueles que queiran contratar xa inicialmente a traballadoras, se están interesados deben de contactar con nós para faguerlo saber. A contía da subvención será de 6.000 euros por cada contratación, e tamén lle informaremos do custe da solicitude e tramitación da mesma.

Informámoslos que estas subvencións concedense ata que se agota o orzamento asignado, e nos iremos tramitando na medida que temos a súa confirmación e que recabemos toda a documentación, non podendo garantir si vai chegar o orzamento.